



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

BASES PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO PARA A SECCIÓN DE ORIENTACIÓN DA CONFRARÍA SANTIAGO APOSTOLO DE CELEIRO

A Confraría de Pescadores "SANTIAGO APOSTOLO" de Celeiro, por acordo do Cabildo de data 28 de febreiro de 2025, e ratificado pola Xunta Xeral con data do 10 de maio de 2025, convoca unha praza de administrativo para a sección de orientación da Confraría, de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO

I. Introdución

A Confraría de Pescadores "Santiago Apóstolo" de Celeiro necesita cubrir posibles baixas e vacantes en función das necesidades da entidade, -debido a cuestións de baixas por falecemento de personal administrativo-, e sempre baixo o criterio da Asemblea Xeral que no artigo 18 dos Estatutos da entidade ten a función de autorizar a contratación de persoal laboral. En agosto do 2025 estaba prevista a xubilación dun administrativo do plantel da entidade, -coa condición de persoal laboral-, e o inesperado falecemento do citado traballador obriganos a establecer unha previsión de cobertura adecuada para seguir prestando os servizos administrativos e de xestión con suficientes garantías. Actualmente a entidade está insuficientemente dotada de persoal administrativo pois no seu cadro de persoal dispón do Secretario Funcionario, e dun administrativo, e faise preciso restablecer as vacantes para poder seguir ofertando os servizos con garantías.

A entidade axústase á normativa vixente e lexislación aplicable para o efecto en materia de Confrarías de Pescadores. O artigo 1.2 da Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores dispón que están suxeitas á tutela da Administración Pública Galega, que será exercida a través da Consellería do Mar (Xunta de Galicia), o artigo 3 do Decreto 261/02, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarías de Pescadores e as súas Federacións, sinalando que en cuestión de contratación de persoal por parte da Confraría rexeráse polas normas que lle sexan de aplicación co sometemento ao órgano xurisdiccional competente. Os órganos reitores da entidade, a Xunta Xeral e o Cabildo, segundo consta no articulado dos Estatutos da entidade, Artigo-40 apartados 1, 2, 3 e 4 da Sección 3ª, relativa ao persoal, serán os encargados de autorizar a contratación do persoal laboral propio cumprindo en todo caso co preceptuado no artigo 33.4 do Decreto 261/02, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarías de Pescadores e as súas Federacións, que consiste en publicar no Taboleiro de Anuncios da Confraría e na súa páxina web, a oferta de emprego, especificando os requisitos que deberán reunir os candidatos, sendo o Cabildo o órgano encargado de determinar as funcións que desempeñará este persoal laboral contratado, segundo o reflectido en apartado 3 do artigo antes citado.

II. Obxecto da Convocatoria

- a) A selección do persoal laboral efectuarase mediante convocatoria pública a través dun procedemento de selección, encargo realizado a unha empresa especializada que constará dunha FASE 1ª- Fase de Concurso de méritos no que se garantan, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade (fase eliminatória; pasan a seguinte fase de oposición os seis mellores expedientes en puntuación neste apartado. FASE 2ª- Concurso-Oposición: Exame (proba de coñecementos sobre un temario). Fase 3ª



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

Entrevista persoal. Para a convocatoria, valoración e baremación técnica dos méritos a Confraría contrata os servizos técnicos dunha consultoría externa con experiencia, referencias e antecedentes técnicos suficiente, en materia de concursos públicos, para encargarse do traballo.

- b) O obxecto do proceso selectivo é a cobertura dunha praza de Administrativo na Confraría de Pescadores de Celeiro.
- d) A selección do persoal laboral corresponde á Xunta Xeral da Confraría e efectuarase, mediante convocatoria pública a través do sistema de concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Para a valoración técnica dos méritos a Confraría poderá contratar os servizos técnicos dunha consultoría externa.
- e) O aspirante ao cal lle sexa adxudicada a praza quedará vinculado á Confraría mediante a formalización dun contrato laboral a tempo completo ou temporal nas modalidades e condicións que estime o Cabildo e ratifique a Xunta Xeral, respectando o Convenio de Oficinas e Despachos da provincia de Lugo.
- f) A resolución do nomeamento do candidato/a seleccionado/a para o posto convocado farase público no taboleiro de anuncios da entidade, xunto coa listaxe provisional e a correspondente puntuación de méritos.

III. Características do posto de traballo obxecto da convocatoria

- a) Serán funcións do aspirante seleccionado/a a realización de traballos de Administrativo na Confraría de Pescadores de Celeiro, baixo dependencia do secretario dos órganos de goberno da mesma e/ou secretario funcionario da entidade.
- b) O centro de traballo establécese na sede social da entidade.
- c) O proceso de selección será realizado mediante concurso de valoración de méritos, -de carácter eliminatorio seleccionando, para a segunda e terceira fase, os seis (6) mellores expedientes en puntuación -, proba de coñecementos (exame), e entrevista persoal, que de conformidade coa Lei 4/1988 da Función Pública Galega a selección de persoal haberá de efectuarse, observando os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade a favor de persoas que reúnan as condicións, os requisitos de titulación e demais esixidos legalmente para participar na convocatoria pública dos correspondentes procesos selectivos (art.7.2)

IV. Requisitos mínimos esixidos dos candidatos

- a) Para tomar parte neste proceso de selección desta convocatoria os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:
 - Nacionalidade: Posuir a nacionalidade española ou dalgún Estado membro da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude de Tratados internacionais celebrados pola U.E. e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais Estados membro da U.E. e dos nacionais dalgún Estado, ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas.



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

- Idade: ter cumpridos os 18 anos de idade, e non alcanzar a idade de xubilación forzosa.
 - Titulación mínima: Estar en posesión do Bacharel ou FP Ciclo Superior en Administración de Empresas ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación, ademais achegarse ao título a súa tradución xurada.
 - Compatibilidade funcional: Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o normal desempeño das funcións do cargo.
 - Habilitación: Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin acharse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
 - Dedicación exclusiva.
- b) Todos os requisitos enumerados nesta base deberán posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse no momento da toma de posesión do posto ofertado.

V. **Publicación da convocatoria: Solicitudes**

Todos os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán facelo constar mediante a presentación da instancia (Anexo I), e a documentación acreditativa necesaria, nas oficinas da sede social da Confraría de Pescadores de Celeiro, ou no enderezo do Colegio de Economistas de Lugo (CIF: Q2701031C), con domicilio en Rúa Raíña, 5, 2ºC, CP-27001 Lugo, e e-mail: colegiolugo@economistas.org

Xunto coa instancia de participación no proceso selectivo, os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Currículo
- b) Fotocopia do DNI ou pasaporte
- c) Fotocopia compulsada do documento xustificativo de estar en posesión da titulación esixida.
- d) Orixinal e/ou copia cotexada de Certificado de empresa para xustificar a experiencia profesional.
- e) Fotocopias compulsadas dos documentos xustificativos de méritos achegados (titulacións, cursos de formación... e complementarios...etc)

Presentación de Solicitudes

- a) O prazo de presentación das instancias, coa documentación adxunta necesaria, será de 15 días naturais, a contar dende o día 01 de xullo de 2025 ata o día 15 de xullo do 2025, ambos inclusive.

As bases polas que se rexerá a selección e posterior contratación do persoal da Confraría de Celeiro poderán ser consultadas no link: www.cofradiaceleiro.com; ou solicitándoo ao correo electrónico colegiolugo@economistas.org, ou chamando o teléfono: 982 24 20 05.

Tamén se poderán presentar as solicitudes e documentación conforme as normas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aínda que, para maior celeridade, deberase de xustificar a súa presentación mediante



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

a remisión de copia selada á dirección electrónica colegiolugo@economistas.org antes de as 24 horas do último día no que finaliza o prazo de presentación, 15 de xullo do 2025.

- b) A consignación de datos falsos na documentación presentada polos aspirantes será sancionada coa anulación da solicitude.

Contratación

- a) Finalizado o proceso de selección, conforme os epígrafes establecidos no punto II destas bases reguladoras, o Cabido ou Asemblea Xeral emitirán en primeira instancia Resolución co nome do candidato seleccionado que será exposto no taboleiro de anuncios da sede social da Confraría durante un período de 10 días, por si alguén precisa expor algún tipo de reclamación.- Finalizado este prazoponse fin á vía administrativa.
- b) O aspirante seleccionado formalizará nun prazo inferior a 15 días hábiles desde a súa publicación no taboleiro de anuncios, un contrato laboral coa Confraría, na modalidade, duración e condicións establecidas pola Confraría, e respectando en todo momento o convenio colectivo de Oficinas e Despachos da provincia de Lugo.

VI. Comisión de Avaliación

- a) Estará constituída por 5 membros elixida pola Xunta Xeral da seguinte forma:

Patrón Maior, Secretario e 3 Vocais.

- b) A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros, adoptándose as decisións pola maioría dos membros presentes na elección, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente, que deberá estar presente durante todo o proceso.

A empresa SACE PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA, S.L, foi contratada pola Confraría de Pescadores de Celeiro e está facultada para impulsar e dirixir o concurso en todos os trámites que ten encomendados, para interpretar e resolver as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento e para propoñer a adopción dos acordos procedentes non previstos nestas bases. D. Salustiano Velo Sabín, como encargado de velar polos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao posto obxecto das presentes Bases.

Respecto de as funcións da empresa contratada para realizar o procedemento de selección do persoal, serán as seguintes:

- a) A elaboración das bases de contratación que serán remitidas ós órganos de goberno da Confraría.
- b) A publicación do anuncio nun diario dos de maior difusión en zona pesqueira formada polos municipios que comprende o territorio da Confraría pertencentes á provincia de Lugo, remitando un orixinal á Confraría.
- c) Preparar e supervisar a publicidade da convocatoria do concurso nos seguintes medios: Mediante a remisión dun anuncio aos concellos que formen parte do territorio da Confraría para á súa publicación nos seus respectivos taboleiros de anuncios.
- a) Mediante a publicación dun anuncio e das Bases no taboleiro de anuncios da sede da Confraría.
- b) Mediante a publicación do anuncio da convocatoria e das Bases na páxina web.
- d) A organización, citacións dos/as aspirantes, elaboración e corrección da fase de méritos.



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

- e) *Citar aos/as aspirantes para realizar as fases de concurso e oposición, de selo caso, na forma descrita nas bases.*
 - f) *A recepción e supervisión das solicitudes dos aspirantes.*
 - g) *A subministración da información que se requira por estes.*
 - h) *A publicación da listaxe de admitidos e excluídos ao concurso.*
 - i) *A valoración da experiencia profesional e da formación continua que presenten os/as aspirantes.*
 - j) *A remisión á Confraría ou empresa encargada da comunicación do mesmo, para á súa publicación, da citación dos/as aspirantes para as distintas fases e das puntuacións obtidas polos/as mesmos/as na valoración da experiencia profesional. Será cometido da empresa adxudicataria supervisar e verificar as publicacións.*
 - k) *O estudo, análise e resolución das reclamacións que se puidesen presentar polos/as aspirantes.*
 - l) *A remisión ao Secretario da Confraría da listaxe coas súas puntuacións definitivas logradas polos/as aspirantes.*
 - m) *Ao finalizar o proceso deberá presentar a Confraría unha Memoria así como facer entrega de toda a documentación do mesmo.*
 - n) *Sace Planificación Estratégica SL está facultada para impulsar e dirixir o concurso en todos os trámites que ten encomendados, para interpretar e resolver as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento e para propoñer a adopción dos acordos procedentes non previstos nestas bases.*
- 6.3.- Os/as membros da Comisión de Selección deberán absterse de formar parte da mesma cando concorren as circunstancias previstas en artigo 28 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Tamén deberán absterse os/as membros da Comisión que tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a postos da especialidade que se convoca desta Confraría, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán rexeitalos/as cando concorren estas circunstancias.

- 6.4.- A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria.

Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

VII. Criterios de cualificación

FASE 1ª. MÉRITOS: Total general: 20 puntos

Experiencia profesional (10 puntos) 50,00%

Formación (10 puntos) 50,00%

Faise constar que esta 1ª fase de méritos (experiencia profesional e formación), é de carácter eliminatorio, e só pasaran as seguintes fases de oposición (examen de coñecementos, e entrevista) os seis (6) mellores expedientes dos aspirantes en puntuación/baremación.

EXPERIENCIA PROFESIONAL: Máximo 10 puntos.

VALORACIÓN TRABAJO realizado con anterioridade en postos de traballo de carácter administrativo empresarial, e/ou xestión no sector privado e/ou público (aquí valórase



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

especificamente o desempeño de postos de traballo en confrarías de pescadores, asociacións pesqueiras, OPPs (organizacións de produtores pesqueiros), empresas e organizacións de carácter pesqueiro, empresas armadores de buques de pesca, asociacións e empresas directamente vinculadas e/ou con relación directa, obrigatoriamente deberán cotizar no REM (Régimen especial del Mar). Tamén na Admón. Pública: Consellería do Mar, Portos de Galicia... etc.). Non se terán en conta nestas apartado empresas de acuicultura (granxas, piscifactorias, exportadores de pescado... etc.), nin tampouco conserveiras, ou empresas de comercialización de peixe, e/ou similares. Valorarase o desempeño dos postos de traballo con 0,10 puntos por cada mes completo de traballo, ata un **máximo de 6 puntos**.

VALORACIÓN TRABALLO realizado con anterioridade noutras empresas e/ou organizacións vinculadas e/ou auxiliares do sector pesqueiro (exportación e comercialización de peixe, conserveiras...etc), e/ou organizacións como xestorías administrativas, asesorías, oficinas administrativas, despachos profesionais de xestión e administración...etc., que poidan ter relación ou similitude co posto de traballo a desempeñar. Valorarase a razón de 0,05 puntos por cada mes completo traballado, ata un **máximo de 4 puntos**.

FORMACIÓN: Máximo Total: 10 puntos (100%).

Titulacións oficiais (formación regrada): 7 puntos (70,00%)

Outras Titulacións (formación non regrada): 3 puntos (30,00%)

FORMACIÓN REGRADA

Titulacións académicas oficiais : 5 puntos + 1 Master + 1 valoración específica : 7 puntos

- Diplomaturas e/ou Formación Profesional Ciclo de Grado Superior en Admón.admon. e finanzas, e Ciclo Superior de Informática (2 puntos)
- Grao e/ou Licenciatura (3 puntos)
- Dobre Grao e dobre Licenciatura (5 puntos)

Másters oficiais (1 punto)

Másters emitidos polas Administracións Públicas, organismos oficiais e/ou privados de recoñecido prestixio e acreditada solvencia, e que teña relación directa coa titulación cursada e/ou co posto de traballo a desempeñar, puntuaranse a razón de **1 punto/máster** e non terán carácter acumulable, ata un **máximo de 1 punto** (caso de non ter relación non se puntuarán, sempre segundo criterio da empresa de selección e/ou Comisión de Selección encargada do proceso).

Valoración específica (1 punto)

Dadas as características do posto convocado valorase especificamente, a maiores, con 1 punto, as seguintes titulacións universitarias regradas: ADE, Económicas, Dereito, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Industrial, Bioloxía Mariña, e Ciencias do Mar. Tamén valorarase con 1 punto as ramas de FP Ciclo Grado Superior de Administración e finanzas e/ou Ciclo Superior en Informática. Buscase así



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

identificar as candidaturas que mellor se poden adaptar ao posto de traballo, valorando coñecementos, habilidades, capacidades e actitudes dos candidatos coas requeridas para a ocupación que se demanda. Só se valora a titulación de maior rango e puntuación, non son acumulables neste apartado.

OUTRA FORMACIÓN, NON REGRADA: 3 PUNTOS

Cursos de carácter náutico pesqueiro (1 punto):

Valoraranse especificamente cursos de carácter náutico-pesqueiro expedidos por centros e/o organismos oficiais ou homologados ata un máximo acumulado de 1 punto. Non se valoran Diplomas nin Certificados de Xornadas, simposios ou congresos:

- Patrón Portuario de Mariña Mercante e/o Patrón Costeiro Polivalente: 0.25 puntos.
- Patrón de Litoral: 0.50 puntos.
- Patrón de Altura: 0.75 puntos.
- Capitán de Pesca y/o Marina Mercante: 1 punto

Certificado de Lingua Inglesa ou validación de estudos (lexislación Marco Común Europeo) (0,50 puntos). No se valoran outros idiomas de linguas estranxeras.

- a. Nivel Básico (equivalente a A1 e 2 do Marco Común Europeo de Referencia):
 - A1: 0,10 puntos
 - A2: 0,15 puntos
- b. Nivel Intermedio (equivalente a B1 y 2 do Marco Común Europeo de Referencia):
 - B1: 0,20 puntos
 - B2: 0,30 punto
- b. Nivel Avanzado (equivalente a C1 y 2 do Marco Común Europeo de Referencia):
 - C1: 0,40 puntos
 - C2: 0,50 puntos

Certificado de Lingua Galega CELGA ou validación de estudos (1,50 puntos).

- a. CELGA 4 o equivalente: 1.50 puntos.

COÑECEMENTOS DE XESTIÓN INFORMÁTICA E OFIMÁTICA (máximo: 2,00 puntos)

- Neste apartado os coñecementos de ofimática, informática... valoraranse os cursos e/ou certificados a razón de 0,10 puntos por cada 20 horas de actividade de formación acreditada ata un **máximo total de 2.00 puntos**. Para estes efectos sumaranse todas as horas e actividades, non puntuándose o resto de horas lectivas inferiores a 20. Valoraranse especificamente os coñecementos de MS Office (Word, Excel, PowerPoint, Outlook, Access...) A formación deberá acreditarse por medio de certificación e/ou título expedido por centros e/ou organismos oficiais (non serven academias nin centros privados).



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

FASE 2ª. CONCURSO-OPOSICIÓN: 50 puntos

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba escrita de coñecementos xenéricos sobre o temario proposto, que se valorará cun máximo de 50 puntos (constará de 50 preguntas tipo test. Por cada pregunta contestada correctamente outorgarase un punto, e cada resposta incorrecta restará 0,5 puntos).

Na web xeral da Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Celeiro: www.cofradiaceleiro.com, habilitarase o acceso á base bibliográfica para a súa consulta centrada sobre as seguintes materias:

1. Lei 9/1993, de 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia.
2. Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro, polo que se regulan as Confrarías de Pescadores de Galicia e as súas federacións.
3. Real Decreto 670/1978, de 11 de marzo, que establece as normas xerais para a creación e recoñecemento das confrarías de pescadores en todo o territorio español.

FASE 3ª: ENTREVISTA PERSOAL (máximo baremable: 30 puntos)

A empresa externa consultora especializada contratada pola entidade, para o proceso de selección, encargarase de avaliar as aptitudes profesionais e experiencia do candidato/a para acceder ao posto ofertado, mediante entrevista personalizada que pode conter un cuestionario ou test práctico para avaliar as aptitudes dos candidatos. A entrevista destinarase a comprobar a adecuación das competencias xenéricas da persoa candidata ao posto, utilizando o mesmo cuestionario para todas as persoas entrevistadas. A entrevista, -que pode conter preguntas tipo test-, enfócase como un método para avaliar a aptitude e idoneidade dos candidatos. A puntuación máxima neste apartado é de 30 puntos.

VIII. Admisión de Aspirantes

- a) Expirado o prazo de presentación de instancias, o Patrón Maior aprobará no prazo máximo de 6 días a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, que será publicada nos taboleiros de anuncios da Confraría de Celeiro e na web da Confraría, indicando as causas da exclusión e concedendo un prazo de dous días hábiles para a corrección de defectos.

De ter presentado reclamacións da devandita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta na forma indicada anteriormente.

Conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase a data, hora e comezo da fase de selección.

De non existir excluídos na lista provisional inicial, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, esta omitirase elevándose esta lista a definitiva.

- c) Aspirantes seleccionados: A Comisión de Oposición unha vez elaborada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, en base ás solicitudes presentadas, e de acordo coa acreditación e baremación da fase de méritos (experiencia profesional e formación), seleccionará aos seis (6) mellores expedientes dos aspirantes con mais puntos na fase de méritos, para realizar a segunda fase de Oposición (examen de coñecementos técnicos e entrevista persoal).



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

- d) En ningún caso os datos e valoracións que consten nas actas do Tribunal ou Comisión de Evaluación serán públicos, ó ser unha combinación de méritos e de valoracións resultantes das entrevistas persoais, que forma un conxunto indivisible. Estas actas reflexan o resultado das entrevistas persoais, así como os méritos alegados polos aspirantes, donde xuntamente cos mesmos coexisten datos persoais. Con relación ós datos persoais dos candidatos estarase ao disposto na normativa vixente o efecto en materia de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.
- e) Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio a pedimento do interesado/a.

IX. Acreditación de Méritos

A acreditación de méritos farase mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cotexada:

a) Formación recibida:

- A formación acreditarase mediante diplomas, títulos, ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo necesariamente referencia ao número de horas, e debendo aparecer así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.
- As horas de formación as que se fai referencia, computaranse exclusivamente cando se teñan conseguido nun só curso formativo. Por tanto, deberán absterse de presentar acreditacións de cursos cunha duración inferior ás 20 horas de formación técnica relacionada coa praza solicitada.
- A xustificación académica realizarase co correspondente título ou resgardo da solicitude do mesmo.

b) Experiencia laboral:

- A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo e certificados de empresa modelo oficial ou outros documentos oficiais que reflictan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral e da mesma maneira, mediante certificado de vida laboral expedido pola Seguridade Social con que se constatarán os documentos anteriores.
- No caso de traballadores/as autónomos/as o Certificado de vida laboral deberá acompañar as correspondentes liquidacións de IAE ou ben documento expedido pola Seguridade Social no que se indique o período de cotización e a actividade desempeñada.

c) Outros:

- A xustificación académica de idiomas realizarase co correspondente título ou resgardo de solicitude do mesmo ou calquera outro documento equivalente acreditativo do nivel logrado.

Condicións xerais:

Non se admitirán acreditacións fóra de prazo de presentación sinalado na Base 5.

A documentación achegada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ao proceso de selección.

X. Clasificación Definitiva

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das dúas fases (aqueles que superaron a primeira fase). En caso de empate, optarase por aquel aspirante que tivese alcanzado mellor



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

puntuación na fase de méritos. De persistir o empate, optarase polo aspirante con maior cualificación na fase de oposición.

XI. Actuación de Aspirantes

- a) A orde de actuación dos/as aspirantes na segunda fase, será por orde alfabética de primeiro apelido elixíndose por sorteo a letra de inicio.
- b) Os/as aspirantes serán convocados/as, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/a aspirante ao exercicio de primeira e segunda fase no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cesamento do o seu dereito para participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia, do proceso selectivo.

XII. Relación de aprobados, proposta de contratación

- a) Unha vez finalizada a cualificación dos aspirantes ás probas previstas, a Comisión de Oposición publicará a lista dos aprobados/as por orde de puntuación obtida, sendo seleccionado o aspirante con maior puntuación.
Acto seguido, por orde do Patrón Maior, elevarase a definitiva a proposta da Comisión ao aspirante con mellor puntuación.
- b) Notificada a resolución de nomeamento, deberá o/a interesado/a para comparecer para subscribir o contrato correspondente e comezará a prestar servizo o día indicado polo contratante.
- c) Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, a Confraría reservase a potestade de non optar por contar cos outros candidatos da lista deixando deserta a praza.
- d) Polo motivo que fose ao final do proceso selectivo a entidade, se o considera oportuno reservase a potestade de anular e/ou deixar en branco, sin seleccionar ningún candidato, por considerar que non encaixa no perfil desexado para os intereses da entidade. Esta decisión, de selo caso, notificarase de forma expresa a os candidatos.

O candidato/a proposto/a, -tras o proceso selectivo-, será nomeado/a provisionalmente para desempeñar a ocupación e posto establecido nas bases. O novo empregado/a disporá dun prazo máximo de 15 días hábiles para presentarse no seu destino a contar desde a data de inicio da relación laboral que constará no nomeamento provisional. Entenderase que renuncia ao mesmo e será dado de baixa, sen conservar dereitos de ningunha clase derivados do proceso selectivo, unha vez superado o prazo sen terse presentado ó seu posto de traballo. Ante a súa renuncia de forma tácita ou expresa, mediante a oportuna comunicación, será dado de baixa sen conservar os dereitos de ningunha clase derivados do proceso selectivo, a consecuencia da renuncia habilita, -de consideralo necesario-, a Confraría a nomear ao seguinte candidato, por orden de puntuación, que teña superado o proceso selectivo, ou ben de deixar deserta a praza do presente proceso de consideralo oportuno segundo as necesidades e intereses da entidade.

Será necesaria a superación dun recoñecemento médico oficial de uso convencional acorde co posto a cubrir na convocatoria, incluída a analítica de sangue e oríños.

O candidato/a, unha vez dado/a de alta como traballador/ra do organismo, deberá cumprir co período de proba establecido legalmente. Durante este período de proba apreciarase a súa idoneidade para o posto de traballo para o que foi contratado/a. No suposto de que non supere o período de proba rescindirase o contrato sen que conserve dereito algún derivado do proceso selectivo. A situación de incapacidade temporal



Rúa do Porto, 1. CELEIRO
TEL. 982 561 044
FAX. 982 562 856
cofradia@cofradiaceleiro.com
www.cofradiaceleiro.com

interromperá o computo do período de proba. A consecuencia de non superación do período de proba habilita a nomear ó/a seguinte candidato/a da lista de aprobados segundo a orde de puntuación como acreedor/a da praza, ou deixar deserto o proceso se á Confraría o considera oportuno segundo os seus intereses.

XIII. Norma Final

Os procedementos establecidos nas bases así como as actuacións derivadas da a súa aplicación por parte do Cabildo ou Xunta Xeral, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

Celeiro a 30 de xuño de 2025

Asdo. Domingo Rey Seijas
O Patrón Maior
Confraría de Pescadores de Celeiro



